

**RESOLUCIÓN do 15 de decembro de 2023, do tribunal designado para a realización de probas selectivas para ingresar por promoción interna en catro prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia, pola que se fai pública a cualificación obtida pola persoa aspirante no segundo exercicio**

En sesión que tivo lugar o 15 de decembro de 2023, o tribunal nomeado por Resolución da Presidencia do 19 de outubro de 2023 para cualificar o proceso selectivo para ingresar por promoción interna en catro prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia, convocado e aprobadas as bases por acordo da Mesa do Parlamento do 3 de xullo de 2023 (BOPG número 521, do 10 de xullo de 2023) ACORDOU:

Primeiro.- Publicar na páxina web corporativa a puntuación acadada pola persoa aspirante na resolución do suposto práctico formulado no segundo exercicio, que se realizou o día 15 de decembro e que foi a seguinte:

<i>Nome e apelidos</i>	<i>DNI</i>	<i>Cualificación 2º exercicio</i>
Marina Irene Lorenzo Santalucía	***5265 **	14,36 puntos

De acordo co establecido na base 6.1.1, a puntuación mínima para superar o exercicio establécese en 7,5 puntos, polo tanto **a aspirante superou o segundo exercicio**.

Segundo.- Declarar que a persoa aspirante está exenta da realización do terceiro exercicio por ter acreditado posuír o curso Celga 4, segundo se establece na base 6.1.1

Terceiro.- Ao ter superado os dous exercicios e estar exenta da realización do terceiro **a aspirante superou a fase de oposición**. A cualificación acadada na fase de oposición é de 26,36 puntos, como resultado da suma das cualificacións do primeiro e segundo exercicio

Cuarto.- Publicar a puntuación da fase de oposición no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web corporativa.

Quinto.- Conceder un prazo de dez (10) días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución, para que a persoa aspirante faga as alegacións que xulgue oportunas ante o tribunal.

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2023

O presidente do tribunal  
Xosé Antón Sarmiento Méndez